

PROXECTO

MUS-E

O noso centro entrou a formar parte este curso do Programa internacional MUS-E que desenvolve a Fundación Yehudi Menuhim (FYME) e patrocina a fundación Paideia.

Yehudi Menuhim foi unha das máis destacadas figuras artísticas do século XX. Como violinista e director de orquesta dedicouse á búsqueda da beleza.

Tamén destacou polo seu compromiso humanitario, a súa conciencia política na defensa dos Dereitos Humanos e o seu traballo a favor de que a arte formara parte dos contidos curriculares no ámbito educativo.

Creou a súa fundación co desexo de seguir traballando pola integración, a defensa dos dereitos das minorías e o fomento da convivencia a través da arte.”

O día 12 de xaneiro empezamos as sesións MUS-E cos alumnos de primeiro de ESO que se desenvolverán en xoves alternos combinando o teatro e a danza. Esperamos que este traballo en valores a través da metodoloxía MUS-E sexa unha experiencia moi positiva para todos nós.

OBXETIVOS

- Fomentar a cohesión social e a motivación para a aprendizaxe.
- Promover a participación activa na sociedade dos nenos e xóvenes, así coma a iniciativa persoal e o traballo grupal.
- Fomentar a participación das familias no proceso educativo dos seus fillos e nas actividades desenvoltas nos centros escolares.
- Previr o absentismo e o abandono escolar.
- Promover o coñecemento da cultura española, e a creación de lazos do encontro coa cultura de orixe das familias e dotar de ferramentas aos profesores no ámbito intercultural.

METODOLOXÍA

Aplicarase a Metodoloxía MUS-E de intervención a través da arte, partindo de:

- Propostas documentadas e preparadas polos artistas vinculando a arte cos contidos.
- Obxetivos específicos da disciplina ligados aos obxetivos xerais do proxecto
- Motivación para xerar ideas na súa realización.
- Utilización de materiais accesibles, sinxelos

ALGUNHAS IDEAS:

Aplicarase o proxecto adaptándoo aos distintas linguaxes artísticas que cada centro elixa

- Inicio-saúdo, presentación da actividade.
- Execución, desenvolvemento deixando espacio á improvisación
- Avaliación interpretación da sesión realizada... Mencións, referencias culturais que se desenvolveron, curiosidades...